

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao aprexamento do atuneiro “Alakrana”, con tripulación galega, en augas do Océano Índico.

Piratas somalíes secuestraron o atuneiro “Alakrana”, con base no porto basco de Bermeo, e 36 tripulantes, dos que oito son galegos.

Malia ás reiteradas advertencias e chamadas de axuda e socorro, os buques pesqueiros que faenan na zona continúan nunha situación de extrema inseguranza, sen que se producise unha resposta do Goberno español e Unión Europea para a minimización de riscos nunha frota, non o esquezamos, que embarca 250 mariñeiros galegos.

Perante esta situación dramática, o Goberno español trasladoulle á frota pesqueira tres opcións:

- a) Que os buques faenen xuntos. O descoñecemento sobre a actividade extractiva do Goberno español é unha evidencia. Sen comentarios.
- b) Posibilidade de embarcar mercenarios armados nas embarcacións pesqueiras.
- c) Confianza nos medios militares enviados pola Unión Europea na denominada “operación Atalanta”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Falsamente criouse a sensación de que os medios aéreos e navais destinados a Somalia se dedicaran á protección da frota pesqueira. E non é certo. Tampouco no caso dos buques da Armada española.

A súa misión prioritaria consiste na protección dunha rota de tránsito de buques mercantes e petroleiros, tamén de iates, mais non teñen a súa zona de patrullaxe nas áreas nas que faena a frota pesqueira.

Mentres, sucédense episodios como o do “Alakrana”, nunha situación de perigosa e extrema vulnerabilidade. O Goberno español debe facer todo o posíbel para acadar a liberación do buque, sempre tendo como prioridade salvagardar a vida e a integridade dos seus tripulantes.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

1ª) Que información posúe a Consellaría do Mar sobre o apreixamento do atuneiro “Alakrana”?

2ª) Que accións defenderá, por este motivo, a iniciativa propia, e perante o Goberno español e Unión Europea?

3ª) Que medidas defenderá por protexer a seguranza dos buques e tripulantes galegos na zona?

Santiago de Compostela, 2 de Outubro de 2009

Asdo. **Bieito Lobeira Domínguez**

Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 02/10/2009 13:36:47